




**NARÓN**

**Datos Do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas – SMBM	
Número expediente:	Documento:
 CON/45/2016	 CON11I0BJ
1X1M686D632C57640ZXG	
	

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DA LICITACIÓN DA OBRA DENOMINADA “CONSTRUCCION DE MINIPISTAS POLIDEPORTIVAS EN PARQUES DA GÁNDARA E STA TEGRA” PARA ADMISIÓN OU NON DA XUSTIFICACIÓN DA BAIXA DECLARADA COMO ANORMAL OU DESPROPORCIONADA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**

Reunidos na Casa do Concello, o día 8 de marzo de 2017, ás 11:00 horas, constitúese a mesa de contratación da licitación da obra denominada “CONSTRUCCION DE MINIPISTAS POLIDEPORTIVAS EN PARQUES DA GÁNDARA E STA TEGRA” formada por D. José Manuel Blanco Suárez (Alcalde), que actuará como presidente; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario da Corporación); Dna. María del Pilar Canzobre Méndez (Interventora Xeral da Corporación); D. Alfonso Veiga García (arquitecto técnico municipal), D. Pablo Mauriz Romero (Concelleiro delegado para asuntos de obras) que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe da Sección de Contratación, que actuará como Secretario da Mesa.

Aberta a sesión pola presidencia, en primeiro lugar faise constar que a empresa AgoraSport, S.A. presenta un escrito no que expón que non pode realizar a xustificación de prezos, posto que os elementos que se contemplaron en prezo non coinciden cos proxectados, xa que contemplaron en custos a execución dunha soa pista multideporte, en lugar da realización de dúas pistas

Logo procédese á lectura e exame do informe técnico emitido en relación coa xustificación da baixa desproporcionada presentada pola empresa Sergonsa Servicios, S.L.



NARÓN

## CONCELLO DE NARÓN

Neste informe asinado por D. José Manuel Saavedra Pantín, de data 25 de xaneiro de 2017, considérase non xustificada a proposta presentada polos seguintes motivos:

- No que se refire á xustificación de prezos ofertados, presenta unha introducción xeral do funcionamento da empresa; unha descomposición xenérica dos costes indirectos e xerais; e non presenta xustificacións de costes de persoal, subcontratas, compra de materiais, compromisos de servizos, medios propios ou alugados.
- En canto ao volume de obra relaciona as obras executadas por un lado e por outro as contratadas ou en execución pola empresa.
- No referente á relación costes fixos/volume de obra, simplemente xustifica os gastos xerais, e por deducción, o beneficio restante.

A Mesa de Contratación ratifica este informe, e afasta do procedemento licitatorio a oferta presentada pola mercantil Sergonsa Servicios, S.L. e AgoraSport, S.A.

Vista as ofertas que continúan na licitación, a Mesa de Contratación propón a adxudicación deste contrato á empresa que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, unha vez aplicados os criterios de valoración contemplados no prego de cláusulas administrativas particulares, isto é o factor prezo, que resultou ser a presentada pola mercantil ALVAC, S.A., que ofrece un prezo de 49.434,00 euros máis 10.381,14 euros de IVE, o que fai un total de 59.815,14 euros.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 11:10 horas da data indicada anteriormente, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu o secretario dou fe, asinando comigo os membros da Mesa.